



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DAS FAMILIAS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa*, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS, PAIS OU TITORAS/ES LEGAIS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto nos artigos 38 e seguintes do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, **corresponde elixir no presente proceso electoral a un/unha pai/nai**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores todos o pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no censo que a partir do día de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios do Centro (porta da oficina). **As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral ata o 17 de novembro.**
- 3.- **As candidaturas poderán ser presentadas dende o 11 de novembro ata as 14:00 horas do día 21 de novembro segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto.**
- 4.- **O sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o **22 de novembro ás 10:25 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do centro, que actuará como Presidenta, e 4 nais/pais ou titores/as legais, actuando como secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 21 ao 25 de novembro, ambos incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA.
- 7.- **A votación realizarase neste IES o martes 29 de novembro , das 16:30 ás 19:30 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:00 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de un nome dos candidatos/as presentados, deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo. O voto será directo, secreto e non delegado, e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal do alumnado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se podan formular.

A Estrada, 10 de Novembro de 2022.

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,